

# MEMORIA CAMPAMENTO DE VERÁN CAMPUS CAMP 2021.

# Universidade de Vigo

## Tabla de contenido

<b>1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS PRINCIPAIS .....</b>	<b>3</b>
<b>1.1 OBXECTIVOS XERAIS. ....</b>	<b>3</b>
<b>2. INSTALACIÓNS. ....</b>	<b>3</b>
<b>3. CALENDARIO. ....</b>	<b>4</b>
<b>4. ORGANIZACIÓN. ....</b>	<b>5</b>
<b>5. CRONOGRAMA 1ª QUENDA (do 23 ao 30 de Xuño). ....</b>	<b>6</b>
<b>5.1 EXPLICACIÓN DETALLADA DE ACTIVIDADES E CONCURRENCIA. ....</b>	<b>7</b>
<b>6. CRONOGRAMA 2ª QUENDA ( do Xoves 1 de Xullo ao Xoves 15 de Xullo). ....</b>	<b>18</b>
<b>6.1 EXPLICACIÓN DETALLADA DE ACTIVIDADES E CONCURRENCIA. ....</b>	<b>20</b>
<b>7. CRONOGRAMA 3ª QUENDA ( do Xoves 16 de Xullo ao Xoves 30 de Xullo) ....</b>	<b>32</b>
<b>7.1 EXPLICACIÓN DETALLADA DE ACTIVIDADES E CONCURRENCIA. ....</b>	<b>34</b>
<b>8. CRONOGRAMA 4ª QUENDA ( do Mércores 1 de Setembro ao Mércores 8 de Setembro). ....</b>	<b>46</b>
<b>8.1 EXPLICACIÓN DETALLADA DE ACTIVIDADES E CONCURRENCIA. ....</b>	<b>47</b>

## 1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS PRINCIPAIS

A actividade “Campus camp”, ofertada pola universidade de Vigo aos campus de Ourense, Pontevedra e da propia cidade de Vigo, ten como principal obxectivo xeral favorecer a conciliación da vida familiar e profesional dos e das membros da comunidade universitaria en época de vacacións escolares ao tempo que se achega a universidade aos máis pequenos e pequenas .

Esta actividade está dirixida aos fillos e fillas das persoas que traballan para a comunidade universitaria con idades comprendidas entre os 3 e os 15 anos durante os períodos non lectivos dos meses de Xuño, Xullo e Setembro.

### 1.1 OBXECTIVOS XERAIS.

Os nosos obxectivos de carácter xeral están alistados a continuación:

- Relacionarse con nenos e nenas de idades similares facilitándolles alternativas de ocio que posibiliten a convivencia e o desenrolo das relacións interpersoais.
- Aproveitar as particularidades da situación do campus para realizar actividades ao aire libre.
- Fomentar o coñecemento por parte dos e das membros do entorno universitario a través de actividades lúdico-formativas.
- Fomentar as actividades en grupo, mediante a colaboración e o traballo cooperativo.
- Iniciarse ou profundizar na adquisición de habilidades específicas de diferentes deportes a través do xogo.
- Unificar as posibilidades que ofrece a universidade para conciliar a vida familiar e laboral en época de vacacións escolares.
- Crear un ambiente de distensión provocando a risa e a diversión.

## 2. INSTALACIÓNS.

O campamento desenrólase no complexo deportivo do CUVI, pertencente á Universidade de Vigo. De todos os espazos cos que conta o complexo, nós utilizaremos un campo de fútbol de herba artificial, un pavillón polideportivo con canastras, rocódromo e gradas no que realizaremos as actividades deportivas e tamén os xogos así como será a nosa opción para días de choiva. Contamos tamén con dúas salas interiores no edificio contiguo ao pavillón polideportivo onde levaremos a cabo as actividades de obradoiros. Contamos tamén cunha piscina deportiva para os Luns e os Mércores.

Os días nos que se celebren as probas da EBAU non teremos o espazo do pavillón disponible. A universidade proporcionaranos unha sala de teatro no centro comercial do CUVI así como o espazo dun local comercial na praza de Miralles.

Engádesse ao anterior a posibilidade de uso das zonas axardinadas que rodean con CUVI con rutas, pantanos, biodiversidade interactiva, etc.

### 3. CALENDARIO.

O campamento desenvolverase nos días marcados con amarelo nos seguintes calendarios:

Xuñ 2021						
Lu	M	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
	a					
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

Durante o mes de Xuño o horario será de 7:45 a 15:15.

Xull 2021						
Lu	M	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
	a					
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Durante o mes de Xullo o horario será de 8:45 a 14:15

Set 2021						
Lu	M	Mi	Ju	Vi	Sá	Do
	a					
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

Durante o mes de Setembro o horario será de 7:45 a 15:15

#### 4. ORGANIZACIÓN.

A organización será sempre a seguinte: os/ as participantes formarán parte dun grupo de idade (burbulla) que á súa vez dividirse en dous grupos máis pequenos.

- **Os grupos de idade.**

Sempre realizarán as actividades coas mesmas persoas sen romper os grupos burbulla.

Para isto realizaremos a recepción e a recollida de forma ordenada e separada. Sendo así, os grupos de infantil serán recepcionados e recollidos nas aulas do edificio contiguo ao pavillón.

Os grupos de Peques entrarán pola porta dereita do pavillón e deixarán as súas pertenzas baixo o indicativo do grupo visible na parede.

Así entón, os grupos de maiores entrarán pola porta esquerda e da mesma forma que o grupo anterior, deixarán as súas cousas no seu espazo.

- **Entradas e saídas.**

O monitorado permanecerá co seu grupo burbulla no seu espazo asignado no pavillón vixiando que non se rompan os grupos e que non haxa intercambios de alimentos de ningún tipo, etc. Neste espazo permanecerán ata que comece a primeira actividade.

- **Actividades.**

Os grupos burbulla permanecerán estritamente separados entre sí. Primarán aquelas actividades que non esixan contacto directo entre usuarias/ os.

- **Merenda.**

Cada monitor/ a merenda co seu grupo burbulla nun espazo alonxado do resto asegurándose de que hai distancia suficiente entre elas/ es. Merendarán sentadas/ os e cando rematen poderán xogar coas persoas que conforman o seu grupo burbulla.

- **Piscina.**

Máximo 20 persoas dentro da piscina á vez. Un grupo en cada calle e ese mesmo grupo dividido en dous, ocupando cada subgrupo unha esquina das dúas calles que podemos utilizar.

- **Material.**

Desinfectar todo el material susceptible de ser humedecido tras su uso.

## 5. CRONOGRAMA 1ª QUENDA (do 23 ao 30 de Xuño).

Horario	MÉRCORES 23	XOVES 24	VERNES 25	LUNS 28	MARTES 29	MÉRCOLES 30
7:45/8:30	Recepción	Recepción	Recepción	Recepción	Recepción	Recepción
8:30/9:30	Xogos de presentación	Xogos animación	Tenis	G1, G2 e G3: Taller G4, G5 e G6: Xogos cooperación	Minixogos	Carreira de orientación
9:30/10:45	Obradoiro Apertura circo da ciencia	G1 e G2: Rocódromo G3 e G4: Tiro con arco G5 e G6: Multideporte	G1 e G2: Seguridade vial G3 e G4: Xogos populares G5 e G6: taller reciclaxe	G1, G2 e G3: Xogos cooperación G4, G5 e G6: Obradoiro	G1 e G2: Rocódromo G3 e G4: Tiro con arco G5 e G6: Multideporte	
10:45/11:30	G1 e G2: Piscina G3 e G4: Expresión corporal G5 e G6: Xogos predeportivos	Merenda e xogos de animación	Merenda e xogos de animación	G1 e G2: Piscina G3 y G4: Tenis de mesa G5 e G6: Trickers	Merenda e xogos de animación	G1 e G2: Piscina G3 e G4: Yimkana G5 e G6: Inchables
11:30/12:15	G1 e G2: Exp. corporal G5 e G6: Xogos predeportivos G3 e G4: Piscina	G1 e G2: Tiro con arco G3 e G4: Multideporte G5 e G6: Rocódromo	G1 e G2: obradoiro reciclaxe G3 e G4: seguridade vial G5 e G6 xogos populares	G1 e G2: Trickers G3 e G4: Piscina G5 e G6: Tenis de mesa	G1 e G2: Rocódromo G3 e G4: Tiro con arco G5 e G6: Multideporte	G1 e G2: Yimkana G3 e G4: Inchables G5 e G6: Piscina
12:15/13:00	G1 e G2: Xogos predeportivos G3, G4: Piscina G5 e G6: xogos deportivos	G1 e G2: Multideporte G3 e G4: Rocódromo G5 e G6: Tiro con arco	G1 e G2: Xogos populares G3 e G4: Obradoriro reciclaxe G5 e G6: Seguridade vial	G1 e G2: Tenis de mesa G3 e G4: Trickers G5 e G6: Piscina	G1 e G2: Rocódromo G3 e G4: Tiro con arco G5 e G6: Multideporte	G1 e G2: Inchables G3 e G4: Piscina G5 e G6: Yimkana
13:00/14:30	Gran xogo	Xogo de equipo	Xogo de equipo	Xogo de equipo	Xogo de equipo	Exhibición e festa de despedida
14:30/15:15		Preparación numero	Preparación número	Preparación número	Preparación número	
15:15	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida

Organización por grupos de idade:

G1 E G2: Infantil.	G1: 3-4 anos
	G2: 5-6 anos
G3 E G4: Peques	G3: 6-7 anos
	G4: 8- 9 anos
G5 E G6: Maiores	G5: 10- 11 anos
	G6: 12-14 anos

## 5.1 EXPLICACIÓN DETALLADA DE ACTIVIDADES E CONCURRENCIA.

### **Mércores 23 de Xuño**

#### **- 7:45/8:30. Recepción.**

#### **- 8:30/9:30. Xogos de presentación**

Facemos cada grupo burbulla rotación co paracaídas para facer os xogos de presentación. Ademais contamos cunha listaxe de xogos de presentación que poñemos en práctica como o xogo da tea de araña, a cadea de nomes, o bartolo, etc.

#### **- 9:30/10:45 Obradoiro: apertura do circo da ciencia.**

Facemos unha presentación conxunta para todos os grupos que están distribuídos polas gradas. Na nosa historia chega unha personaxe motorizada que anda medio tolo e precisa que fagamos unas bandeiras xuntando diferentes conceptos. En cada unha das bandeiras aparece un anaquiño de cada rapaz/a pintado ao seu gusto. Esta personaxe cóntanos resumidamente que é o que imos facer o longo desta quenda en relación coa temática

#### **- 10:45/11:30**

**G1 E G2: piscina.** Chegamos á piscina, cambiámonos e ordenadamente imos entrando para valorar o nivel da rapazada na auga. Xogamos ao pilla dentro da auga.

**G3 E G4: expresión corporal.** Xogamos a un xogo de mímica en tres fases e a outro de simbiose de personaxes.

**G5 E G6: Xogos predeportivos.** Facemos unha ximkana deportiva na que teñen que ir pasando por diferentes postas. Contamos con postas de habilidade, de rapidez, de recepción, de coordinación, de lanzamentos e de desprazamentos.

#### **- 11:30/12:15 (merendan 15 minutos antes de rematar)**

**G1 E G2: Expresión corporal.** Utilizamos a música como medio de expresión corporal. O xogo consiste en escoitar canción máis lentas, máis rápidas, máis alto ou máis baixo e acompañar co movemento do noso corpo o que estamos a escoitar.

**G3 E G4: Xogos predeportivos.** Realizamos un circuito de habilidade, o cal ten que ser superado no menor tempo posible. A rapazada pode escoitar tres probas do circuito a maiores das propostas polo monitorado.

**G5 E G6: Piscina.** Explicamos as normas da piscina e unha vez dentro da auga xogamos ao pano e a buscar obxectos sumerxidos.

**- 12:15/13:00**

**G1 E G2: Xogos predeportivos.** Facemos un circuito de habilidade para os máis peques.

**G3 E G4: Piscina.** Explicamos normas da piscina e xogamos ao pano.

**G5 E G6: Xogos deportivos.** Xogamos a deportes tradicionais

**- 13:00/15:15 Grande xogo.**

**G1 E G2:** Participamos nunha busca do tesouro. Deben atopar unha serie de obxectos perdidos entre todos e todas antes de que remate o tempo.

**G3 E G4 G5 E G6** Xogamos todos/as a “atrapa la bandera”. Hay catro equipos mixtos. Cada un ten nunha esquina do campo de fútbol a súa base. Deben conseguir atrapar a bandeira escondida dos outros grupos e levala para a súa base antes ca o resto dos equipos.



## **Xoves 24 de Xuño**

**- 7:45/8:30. Recepción.**

**- 9:30/10:45**

**G1 e G2: Rocódromo.** Actividade de escalada con colchoneta quitamedos.

**G3 e G4: Tiro con arco.** Realizamos distintas actividades previas a modo de adestramento e práctica e posteriormente xogamos cun sistema de minipuntos co que poderán ganar recomensas.

**G5 e G6: Multideporte:** Realizamos circuitos de habilidade e puntería no pavillón

**- 10:45/11:30**

*Merenda e xogos*

*de animación:* despois de merendar facemos pequenos xogos musicais de activación.

**- 11:30/ 12:15**

**G1 e G2: Tiro con arco.** Actividade adaptada á idade dos e das máis peques con axuda das monitoras para tirar co arco.

**G3 e G4: Multideporte:** Realizamos circuitos de habilidade e puntería no pavillón.

**G5 e G6: Rocódromo.** Actividade de escalada con colchoneta quitamedos.

**- 12:15/13:00**

**G1 e G2: Multideporte.** Realizamos circuitos de habilidade e de salto nas colchonetas.

**G3 e G4: Rocódromo.** Actividade de escalada con colchoneta quitamedos.

**G5 e G6: Tiro con arco** Realizamos distintas actividades previas a modo de adestramento e práctica e posteriormente xogamos cun sistema de minipuntos co que poderán ganar recomensas.

**- 13:00/14:30**

*Xogo de equipo:* Facemos tres equipos separados por idade e facemos un xogo de cooperación consistente en plasmar nun papel un debuxo que só poden ir vendo de un en un para depóis trasladarlle ao resto de equipo de qué forma teñen que debuxalo.

**- 14:30/15:15**

*Preparación número\*:*

G1 e G2 decidiron pasar a última parte da xornada a facer bailes con canción infantiles educativas.

G3 e G4 decidiron xogar ao “Balón prisioneiro”.

G5 e G6 decidiron xogar ao Fútbol.

**- 15:15. – Recollida**

## **Venres 25 de Xuño**

**- 7:45/8:30. - Recepción.**

**- 8:30/9:30 - Tenis:**

**G1 e G2:** Realizan a actividade de tenis cas raquetas de bádminon xa que as de tenis resultan demasiado pesadas para eles e elas. O xogo consiste en facer unha fila de peques nun dos lados do campo mentres que unha monitora se sitúa no outro lado. A monitora lánzalles o volante e eles e elas terán que aprender a golpear o volante ca raqueta.

Posteriormente cambiamos a dinámica e son os propios peques quen lanzan o volante ós seus compañeiros e compañeiras para que as golpeen.

**G3 e G4:** Realizamos un quentamento previo cunha fila de golpeadores nun dos lados da pista mentres que o monitor se coloca no lado oposto para comprobar cál e o seu nivel ca raqueta. Posteriormente participan nun partido de equipos dobles.

**G5 e G6:** Realizamos un quentamento e unha fila de golpeadores e outra de lanzadores para que eles e elas vaian practicando. Posteriormente facemos un partido con equipos dobles.

**- 9:30/10:45**

**G1 e G2: *Seguridade vial:*** Realizamos un “Quiz” de seguridade vial e posteriormente facemos un circuito cunha bici pequena para que poñan en práctica o aprendido.

**G3 e G4: *Xogos populares:*** Xogamos á petanca.

**G5 e G6: *taller reciclaxe:*** Realizamos un obradoiro de bolas de malabares que, posteriormente utilizaremos para aprender a realizalos.

**- 10:45/11:30**

*Merenda e xogos de animación:* Despóis da merenda activamos á rapazada con baile.

**-11:30/ 12:15**

**G1 e G2: *obradoiro reciclaxe:*** Realizamos un obradoiro de bolas de malabares que, posteriormente utilizaremos para aprender a realizalos.

**G3 e G4: *seguridade vial:*** Realizamos un “Quiz” de seguridade vial e posteriormente facemos un circuito con trickers para que poñan en práctica o aprendido.

**G5 e G6 *xogos populares:*** Xogamos á petanca.

**- 12:15/13:00**

**G1 e G2: *Xogos populares.*** Xogamos á petanca.

**G3 e G4: *Obradoiro reciclaxe.*** Realizamos un obradoiro de bolas de malabares que, posteriormente utilizaremos para aprender a realizalos.

**G5 e G6: *Seguridade vial.*** Realizamos un “Quiz” de seguridade vial e posteriormente facemos un circuito con trickers para que poñan en práctica o aprendido.

**- 13:00/14:30**

*Xogo de equipo:* os tres grupos Xogan ao xogo do pano por separado.

**- 14:30/15:15**

*Preparación número\**

**G1 e G2.** Deciden facer bailes coas súas canción favoritas.

**G3 e G4.** Xogan ao datchball, unha variante do brilé un pouco máis complexa.

**G5 e G6.** Xogan un partido de fútbol.

**- 15:15. Recollida**

## **Luns 28 de Xuño**

**- 7:45/8:30. Recepción.**

**- 8:30/9:30**

**G1, G2 e G3: Obradoiro.** Os máis peques realizan un obradoiro de eirugas con oveiras.

**G4, G5 e G6: Xogos cooperación:** Xogamos có paracaídas a manter unha pelota no aire sen que caía ao chan. Posteriormente amosámoslles como facer un pequeno truco de unión de forzas e enerxías que consiste en conseguir levantar a uha persoa que se senta nunha cadeira entre catro persoas utilizando soamente dous dedos.

**- 9:30/10:45**

**G1, G2 e G3: Xogos cooperación.** Xogamos có paracaídas a manter unha pelota no aire sen que caía ao chan. Posteriormente amosámoslles como facer un pequeno truco de unión de forzas e enerxías que consiste en conseguir levantar a uha persoa que se senta nunha cadeira entre catro persoas utilizando soamente dous dedos.

**G4, G5 e G6: Obradoiro.** Realizamos unha ximkana na que, con materiais reclados teñen que conseguir protexer un globo de auga de forma que ao lanzalo dende unha altura considerable, non chegue a romper.

**- 10:45/11:30**

**G1 e G2: Piscina.** Diriximos aos máis peques para que interioricen as normas e a orde a seguir dentro do complexo. Unha vez alí xogamos cos participantes que quedan fora da piscina por non saberen nadar, e os que están dentro. O Xogo consiste en lanzar un aro dende fora e os que se atopan dentro deben ir buscalo e tráelo de novo.

**G3 y G4: Tenis de mesa.** Non foi posible realizar esta actividade polo que colocamos a rede e xogamos ao bádminton.

**G5 e G6: Trickers.** Realizamos varios circuitos de velocidade para que fixeran carreiras por equipos nos que previamente tiveron que inventar o nome da súa escudería e inventar un logotipo.

**- 11:30/ 12:15** \* rematamos a actividade anterior 5 minutos antes e comezamos esta 5 minutos máis tarde, tempo que empregamos en merendar.

**G1 e G2: Trickers.** os máis peques realizan esta actividade cunha bicicleta de madeira pequena para adaptalo á súa condición. Deseñamos un pequeno circuito de habilidade.

**G3 e G4: Piscina.** Xogan na piscina a facer saltos dende o trampolín e posteriormente van por turnos ao jacuzzi.

**G5 e G6: Tenis de mesa.** Non foi posible realizar esta actividade polo que a substituímos por bádminton.

**- 12:15/13:00**

**G1 e G2: Tenis de mesa.** Non foi posible realizar esta actividade polo que a substituímos por lanzamentos de volantes dun lado ao outro da rede.

**G3 e G4: Trickers.** Realizamos varios circuitos de velocidade para que fixeran carreiras por equipos nos que previamente tiveron que inventar o nome da súa escudería e inventar un logotipo.

**G5 e G6: Piscina.** Xogan na piscina a facer saltos dende o trampolín e posteriormente van por turnos ao jacuzzi.

**- 13:00/14:30 - Xogo de equipo**

**G1 e G2:** Xogamos unha pilla de rabos.

**G3 e G4:** Xogamos un partido de baloncesto.

**G5 e G6:** Xogamos un partido de baloncesto.

**- 14:30/15:15 - Preparación número\***

**G1 e G2:** Decidimos facer un mural entre toda a rapazada para decorar o espazo.

**G3 e G4:** Xogan un partido de fútbol.

**G5 e G6:** Facemos un partido de brilé e finalmente xogamos a un rei de pista de fútbol.

**- 15:15. Recollida**

## **Martes 29 de Xuño**

**- 7:45/8:30. Recepción.**

**- 8:30/9:30 - Minixogos**

**G1 e G2:** Xogamos unha pilla e posteriormente un zapatiño inglés.

**G3 e G4:** Xogamos ao Pí 15 e á bruxa das cores, un xogo consistente en que un dos participantes é a bruxa e ten que decir unha cor que os demais Terán que ir a tocar coa man xa que dese xeito quedan a salvo de que a bruxa poida pillalos.

**G5 e G6:** Xogamos ao Pí 15 e posteriormente ao sangue.

**- 9:30/10:45**

**G1 e G2: Rocódromo.**

**G3 e G4: Tiro con arco.** Realizamos unha actividade de ximkana para buscar os elementos necesarios para facer o tiro con arco e posteriormente elaboran a súa propia diana.

**G5 e G6: Multideporte.** Xogamos ao baseball cunha raqueta de tenis e posteriormente ao fútbol sen balón

**- 10:45/11:30**

*Merenda e xogos de animación.* Tras a merenda animamos ao grupo con baile.

**- 11:30/ 12:15**

**G1 e G2: Multideporte.** Facemos un circuito de habilidade e aprendemos a botar o balón de baloncesto.

**G3 e G4: Rocódromo**

**G5 e G6: Tiro con arco.** Realizamos unha actividade de ximkana para buscar os elementos necesarios para facer o tiro con arco e posteriormente elaboran a súa propia diana.

**- 12:15/13:00**

**G1 e G2: Tiro con arco.** Aparece unha personaxe que perdeu as súas frechas e precisa a axuda dos peques para poder atopalas. Unha vez feita a busca, proceden a practicar a súa puntería.

**G3 e G4: Multideporte.** Xogamos ao baseball cunha raqueta de tenis e posteriormente ao fútbol sen balón

**G5 e G6: Rocódromo.** Actividade de perda de medo coa colchoneta quitamedos, aprendemos a caer sobre ela e facemos pequenas probas deslizándonos unicamente os tacos da liña inferior.

**- 13:00/14:30 - Xogo de equipo**

**G1 e G2:** Xogamos a “o globo”. Un globo inflado debe manterse no aire sen caer no chan dándolle con calquera parte do corpo. Posteriormente xogamos ao “monstruo da raia verde” e á “bruxa das cores”.

**G3 e G4:** Preparamos un xogo estilo “trivial” por equipos.

**G5 e G6:** Preparamos un xogo estilo “trivial” por equipos.

**- 14:30/15:15 - Preparación número\***

**G1 e G2:** Xogamos a un xogo de habilidade con aros ao estilo do xogo das cadeiras e, posteriormente voltamos xogar ao xogo do globo xa que lles gustou moito.

**G3 e G4:** Deciden xogar ao datchball.

**G5 e G6:** Deciden xogar ao fútbol a metade do tempo e a outra metade xogamos a xogos de auga a razón do tempo meteorolóxico, moi cálido estes días.

**- 15:15. Recollida**

## **Mércores 30 de Xuño**

**- 7:45/8:30. Recepción.**

**- 8:30/10:45 - Carreira de orientación**

Nesta carreira de orientación os grupos G3, G4, G5 e G6 utilizarán un mapa para rastrexar a zona en busca de adiviñas que terán que ir solucionando a medida que as atopan.

Os grupos G1 e G2 utilizan un mapa máis sinxelo sinalado con “pictogramas” que os irán guiando polo espazo co fin de atopares globos de cores nos que Terán que pasar unha serie de miniprobos que realizará a personaxe do Paiaso Pipo, un simpático arlequín que unha vez teñan conseguido o sue obxectivo agasallaralles cun xogo de bolos feitos de materiais reciclados.

**- 10:45/11:30**

**G1 e G2: Piscina.** Os máis peques disfrutan do día de piscina facendo carreiras de nado e practicando bailes na auga.

**G3 e G4: Ximkana\***. Xogamos un partido de balonmán no pavillón.

**G5 e G6: Inchables.**

**- 11:30/ 12:15**

**G1 e G2: Ximkana\***. Xogamos ao xogo do gato e o rato e practicamos saltos nas colchonetas.

**G3 e G4: Inchables**

**G5 e G6: Piscina.** Os máis maiores divírtense na piscina xogando ao pano e realizando carreiras en estilos diferentes.

**- 12:15/13:00**

**G1 e G2: Inchables**

**G3 e G4: Piscina.** Xogamos ao tiburón e ao pano na auga.

**G5 e G6: Ximkana\***. Botamos un partido de balonmán no pavillón.

**- 13:00/15:15**

Para a nosa festa de despedida adornaremos o espazo con pinturas feitas pola noa rapazada e posteriormente aproveitamos o nos caluroso tempo para facer unha festa da auga con globos e caldeiros.

**- 15:15. - Recollida**





## 6. CRONOGRAMA 2ª QUENDA ( do Xoves 1 de Xullo ao Xoves 15 de Xullo)

	Xoves 1	Venres 2	Luns 5	Martes 6	Mércores 7	Xoves 8
8:45/ 9:30	Recepción	Recepción	Recepción	Recepción	Recepción	Recepción
9:30/ 10:00 9:30/ 10:45	Presentación Eco-artistas	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación
10:00/ 11:30 10:45/ 11:45	G1 e G2 Rocódromo G3 e G4 Xogos musicais G5 e G6 Xogo concurso G7 e G8 Grande xogo	G1 e G2 Xogos de confianza G3 e G4 Circuito de habilidade G5 e G6 Circuito relevos G7 e G8 Xogo democrático	G1 e G2 Piscina G3 e G4 Obradoiro G5 e G6 Tenis G7 e G8 Xogo de equipo	G1 e G2 Xogos de motricidade G3 e G4 Expresión corporal G5 e G6 Rocódromo G7 e G8 Obradoiro	G1 e G2 Tenis G3 e G4 Carreira relevos G5 e G6 Piscina G7 e G8 Habilidades circenses	G1 e G2 Rocódromo G3 e G4 Dinámicas de creatividade G5 e G6 Deporte de equipo G7 e G8 Roteiro
11:30/ 12:00	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda
12:00/ 14:00 12:00/ 13:00	G1 e G2 Xogos musicais G3 e G4 Rocódromo G5 e G6 Grande xogo G7 e G8 Xogo concurso	G1 e G2 Contacontos G3 e G4 Xogos de confianza G5 e G6 Xogo democrático G7 e G8 Circuito relevos	G1 e G2 Obradoiro G3 e G4 Piscina G5 e G6 Xogo de equipo G7 e G8 Tenis	G1 e G2 Expresión teatral G3 e G4 Xogos de motricidade G5 e G6 Obradoiro G7 e G8 Rocódromo	G1 e G2 Busca do tesouro G3 e G4 Tenis G5 e G6 Habilidades circenses G7 e G8 Piscina	G1 e G2 Dinámicas de creatividade G3 e G4 Rocódromo G5 e G6 Deporte de equipo G7 e G8 Roteiro
13:00/ 14:00	Asamblea	Asamblea	Asamblea	Asamblea	Asamblea	Asamblea
14:00/ 14:15	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida

	Venres 9	Luns 12	Martes 13	Mércores 14	Xoves 14
8:45/ 9:30	Recepción	Recepción	Recepción	Recepción	Recepción
9:30/ 10:00 9:30/ 10:45	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación
10:00/ 11:30 10:45/ 11:45	G1 e G2 Circuito sobre rodas G3 e G4 Inchables G5 e G6 Inchables G7 e G8 Tiro con arco	G1 e G2 Piscina G3 e G4 Tiro con arco G5 e G6 Rocódromo G7 e G8 Tenis	G1 e G2 Roteiro ecolóxico G3 e G4 Expresión artística G5 e G6 Xeocaching G7 e G8 Skate	G1 e G2 Tenis G3 e G4 Ximkana temática G5 e G6 Piscina G7 e G8 Obradoiro	G1 e G2, G3 e G4 Grande xogo G5 e G6, G7 e G8 Ximkana temática
11:30/ 12:00	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda
12:00/ 14:00 12:00/ 13:00	G1 e G2 Inchables G3 e G4 Circuito sobre rodas G5 e G6 Tiro con arco G7 e G8 Inchables	G1 e G2 Tiro con arco G3 e G4 Piscina G5 e G6 Tenis G7 e G8 Rocódromo	G1 e G2 Expresión artística G3 e G4 Roteiro ecolóxico G5 e G6 Skate G7 e G8 Xeocaching	G1 e G2 Ximkana temática G3 e G4 Tenis G5 e G6 Obradoiro G7 e G8 Piscina	G1 e G2, G3 e G4 Xogos e festa de despedida G5 e G6, G7 e G8 Xogos e festa de despedida
14:00/ 14:15	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida

**\*Solo os días de piscina**

Lenda de participantes por edades:

<b>Laranxas</b> G1- G2	G1: 3-4 anos G2: 4-5 anos
<b>Verdes</b> G3- G4	G3: 5-6 anos G4: 7-8 anos
<b>Azuis</b> G5- G6	G5: 8-9 anos G6: 9-11 anos
<b>Lilas</b> G7- G8	G7: 11 anos G8: 12- 12 anos

## 6.1 EXPLICACIÓN DETALLADA DE ACTIVIDADES E CONCURRENCIA.

### **Xoves 1 de Xullo.**

- 8:45/ 9:30. - Recepción

- 9:30/ 10:00

*Presentación eco-artistas:* presentamos a tódolos grupos a nosa nova temática. Para isto contamos con personaxes que nos facilitarán a entrada en contacto con esta nova quenda. Mándaselles que debuxen unha bandeira e un nome de equipo que sexa coherente coa temática e presentarse diante dos demais grupos.

- 10:00/ 11:30

**G1 e G2: Rocódromo.** Circuito de subida e baixada tocando unha campá ao chegar ao cumio.

**G3 e G4: Xogos musicais.** Xogamos ao furor pero en vez de competir a través de canción, facémolo a través de bailes.

**G5 e G6: Xogo- concurso.** Xogamos un farfán intelectual no que cada equipo lanza un dado de tres cores que corresponden a tres categorías diferentes. Despóis escollen unha persoa integrante do seu equipo para que compita con un ou unha do outro equipo.

**G7 e G8: Grande xogo.** Xogamos ao “atrapa la bandera” pero neste caso, teñen que conseguir recoller tres obxectos do campo contrario e voltar ao campo propio para introducir cada obxecto nun contenedor de reciclaxe.

- 11:30/ 12:00 - Merenda

- 12:00/ 14:00

**G1 e G2: Xogos musicais.** Cantamos e bailamos cos máis pequenos as súas cancións favoritas e posteriormente xogamos ao xogo dos “ aros do silencio” que consiste en esparcir aros de cores polo chan e mentres soa a música teñen que correr polo espazo conseguir colocarse nun aro cando a música deixe de soar.

**G3 e G4: Rocódromo.** Circuito de subida e baixada tocando unha campá ao chegar ao cumio.

**G5 e G6: Grande Xogo** Xogamos ao “atrapa la bandera” pero neste caso, teñen que conseguir recoller tres obxectos do campo contrario e voltar ao campo propio para introducir cada obxecto nun contenedor de reciclaxe.

**G7 e G8: Xogo- concurso.** Xogamos un farfán intelectual no que cada equipo lanza un dado de tres cores que corresponden a tres categorías diferentes. Despóis escollen unha persoa integrante do seu equipo para que compita con un ou unha do outro equipo.

- 14:00/ 14:15 - Recollida

## **Venres 2 de Xullo**

- 8:45/ 9:30 - Recepción

- 9:30/ 10:00 - Xogos de activación

- 10:00/ 11:30

**G1 e G2: Xogos de confianza.** Xogamos á “galiña cega” atopando obxectos polo espazo. Tamén xogamos por parellas a conseguir levar un globo nas costas ata un punto de meta. Despois elaboramos entre todos e todas unha “cabana- refuxio” para ter sempre na aula.

**G3 e G4: Circuito de habilidade.** Desenrolan as súas habilidades psicomotoras cun circuito cho de obstáculos e encrucilladas que terán que ir resolvendo paso a paso.

**G5 e G6: Circuito de relevos.** Realizamos unha carreira de relevos adaptada na que en vez de se pasar un testigo, teñen que meter un obxecto no contenedor correspondente para que o seguinte poida saír correndo.

**G7 e G8: Xogo democrático.** No xogo democrático poderán escoller entre todos e todas un xogo. Neste caso os máis maiores deciden xogar un partido de baloncesto.

- 11:30/ 12:00 - Merenda

- 12:00/ 14:00

**G1 e G2: Contacontos.** Visítanos Lupin Cela, unha artista que foi vítima dun roubo de pinceles por parte de Pablo Nicasso. Agora precisa a nosa axuda para poder recuperar o seu preciado material. Para iso teremos que pasar unha serie de probas que nos irán indicando ao longo do camino.

**G3 e G4: Xogos de confianza.** Xogamos á “galiña cega” e realizamos unha serie de miniprobos por parellas nas que terán que colaborar para poder chegar ao final.

**G5 e G6: Xogo democrático.** Deciden xogar ao “pobo durme” e posteriormente ao xogo do “uno”.

**G7 e G8: Circuito de relevos.** Realizamos unha carreira de relevos adaptada na que en vez de se pasar un testigo, teñen que meter un obxecto no contenedor correspondente para que o seguinte poida saír correndo.

- 14:00/ 14:15 - Merenda

### **Luns 5 de Xullo.**

- 8:45/ 9:30 - *Recepción*

- 9:30/ 10:45 - *Xogos de activación*

- 10:45/ 11:30

**G1 e G2: Piscina.** Dentro da piscina facemos un concurso de nado no que teñen que inventar novas formas de nadar que serán moi divertidas.

**G3 e G4: Obradoiro.** Realizamos un obradoiro de elaboración de maquetas de barcos con materiais de recicle que posteriormente botarán ao río para ver si flotan ou non.

**G5 e G6: Tenis.** Realizamos dinámicas de adestramento de tenis e posteriormente botan un partido de dobles.

**G7 e G8: Xogo de equipo.** Botamos un partido de datchball e posteriormente outro de fútbol.

- 11:30/ 12:00 - *Merenda*

- 12:00/ 13:00

**G1 e G2: Obradoiro.** Os máis peques aprenden a crear o seu propio canciño extensible coma o da peli de “Toy Story”.

**G3 e G4: Piscina.** Divertímonos con saltos de trampolín e xogando ao pano.

**G5 e G6: Xogo de equipo.** Botamos un partido de datchball e posteriormente outro de fútbol.

**G7 e G8: Tenis.** Realizamos dinámicas de adestramento de tenis e posteriormente botan un partido de dobles.

- 13:00/ 14:00

**Asamblea:** cada grupo por separado reunirase co seu monitor ou monitora para levar a cabo a asamblea. Na que unha persoa será a vocal, outra a tomadora da palabra e outra a mediadora.

A rapazada ten unas tarxetas verdes e outras amarelas. Coas verdes poden comentar que foi aquilo que máis lles gustou da semana e co amarelo poden votar aquilo que lles gustou un pouco menos. Ao final queda aberta a quenda das propostas para vindeiros días e a monitora ou monitor serán quen na próxima asamblea lles conte si se aprobou ou non a petición.

- 14:00/ 14:15 - *Merenda*

## **Martes 6 de Xullo**

- 8:45/ 9:30 - *Recepción*

- 9:30/ 10:00 - *Xogos de activación*

- 10:00/ 11:30

**G1 e G2: Xogos de motricidade.** Os máis peques contan cun circuito sinalizado para traballar a mellora da motricidade.

**G3 e G4: Expresión teatral.** Xogamos ao xogo dos papeliños. Neste xogo e necesario que se escriban palabras aleatorias nun recipiente. Terán que facer adiviñar ás persoas do su equipo as palabras que vaian extraendo. Pro non será tan fácil. Na primeira ronda farano con definicións, na segunda só poderán utilizar unha soa palabra e na terceira terán que utilizar a mímica.

**G5 e G6: Rocódromo.** Circuito vertical con son e conta atrás.

**G7 e G8: Obradoiro.** Realizamos un obradoiro de laboración de maquetas de barcos con materiais dee recicle que posteriormente botarán ao rio para ver si flotan ou non.

- 11:30/ 12:00 - *Merenda*

12:00/ 14:00

**G1 e G2: Expresión teatral.** Realizan adiviñas con representación entre compañeiros e compañeiras. Posteriormente contámoslles un conto no que eles y elas terán que introducir os sons e os movementos.

**G3 e G4: Xogos de motricidade.** Xogamos a “cesta revolta”, ao “gato e o rato” e por último aprendemos a botar o balón de baloncesto por turnos e en filas.

**G5 e G6: Obradoiro.** Realizamos un obradoiro de laboración de maquetas de barcos con materiais dee recicle que posteriormente botarán ao rio para ver si flotan ou non.

**G7 e G8: Rocódromo.** Circuito vertical con son e conta atrás.

- 14:00/ 14:15 - *Merenda*

## **Mércores 7 de Xullo**

- 8:45/ 9:30 - *Recepción*

- 9:30/ 10:45 - *Xogos de activación*

- 10:45/ 11:30

**G1 e G2: *Tenis***. Facemos parellas e deben realizar os pases que poida. Para as persoas ás qu' lls resulta moi complexo, xogamos coas máns a lanzar as bolas.

**G3 e G4: *Carreira***. Realizamos unha carreira por toda a instalación onde irán atopando diferentes obstáculos.

**G5 e G6: *Piscina***. Os máis maiores prefiren o trampolín e o jacuzzi, polo que pasamos o rato de piscina e ambos sitios.

**G7 e G8: *Habilidades circenses***. Ensinamos aos máis maiores a facer malabares, bailar o diábolo, manter o equilibrio no slack line e facer o pino sen parede.

- 11:30/ 12:00 - *Merenda*

- 12:00/ 13:00

**G1 e G2: *Busca do tesouro***. Despóis da merenda os peques atópanse moi cansos e fai moita calor, polo que a busca do tesouro sustituímolos por un obradoiro de dragóns botalume ao fresquiño da aula

**G3 e G4: *Tenis***.

**G5 e G6: *Habilidades circenses***. Ensinamos aos máis maiores a facer malabares, bailar o diábolo, manter o equilibrio no slack line e facer o pino sen parede.

**G7 e G8: *Piscina***. Pasan o rato de piscina saltando no trampolín e facendo carreiras de lado a lado.

- 13:00/ 14:00 - *Asamblea*

- 14:00/ 14:15 - *Merenda*



## **Xoves 8 de Xullo**

- 8:45/ 9:30 - *Recepción*

- 9:30/ 10:00 - *Xogos de activación*

- 10:00/ 11:30

**G1 e G2: Rocódromo.** Ainda non perderon o medo de todo polo que o noso monitor de escalada axústalles o arnés e asegúraos para subiren ata onde queiran. Unha vez queren baixar o noso monitor intenta que perdan o medo utilizando o arnés a modo de columpio.

**G3 e G4: Dinámicas de creatividade.** Realizamos unha dinámica musical na que deben escoitar unha serie de sons e ir debuxando nun papel continuo, aquilo que lles vai suxerindo a música en cuestión. Posteriormente realizamos un “cadáver exquisito”.

**G5 e G6: Deporte de equipo.** Xogamos ao baseball co pé posteriormente ao “monstruo da raia verde” e ao “Pí”.

**G7 e G8: Ruta.** Saimos de roteiro cos maiores pola zona verde que arrodea a universidade mentres lles imos contando curiosidades sobre a natureza.

- 11:30/ 12:00 - *Merenda*

- 12:00/ 14:00

**G1 e G2: Dinámicas de creatividade.** Utilizamos as nosas mans para facer sobras chinescas na parede. Tamén xogamos á “bruxa das cores”

**G3 e G4: Rocódromo.** Actividade de contrareloxo con son ao chegar ao cumio.

**G5 e G6: Ruta.** Saimos de roteiro cos medianos pola mesma zona que cos maiores e imos xogando ademais ao xogo da pinza.

**G7 e G8: Deporte de equipo.** Botamos un partido de baseball con raqueta de tenis e despois piden xogar ao “atrapa la bandera”.

- 14:00/ 14:15 - *Recollida*

## **Venres 9 de Xullo**

- 8:45/ 9:30 - *Recepción*

- 9:30/ 10:00 - *Xogos de activación*

- 10:00/ 11:30

*G1 e G2: Circuito sobre rodas.* Facemos un pequeno circuito para os peques coa bicicleta de madeira.

*G3 e G4: Inchables.*

*G5 e G6: Inchables.*

*G7 e G8: Tiro con arco.* Realizamos unha busca de material pola instalación para poder realizar o tiro con arco e posteriormente facemos unha competición por puntuacións.

- 11:30/ 12:00 - *Merenda*

- 12:00/ 14:00

*G1 e G2: Inchables.*

*G3 e G4: Circuito sobre rodas.* Realizamos un circuito con trickers con obstáculos.

*G5 e G6: Tiro con arco.* Realizamos unha busca de material pola instalación para poder realizar o tiro con arco e posteriormente facemos unha competición por puntuacións.

*G7 e G8: Inchables.*

- 14:00/ 14:15 - *Recollida*

## **Luns 12 de Xullo**

- 8:45/ 9:30 - *Recepción*

- 9:30/ 10:45 - *Xogos de activación*

- 10:45/ 11:30

**G1 e G2: Piscina.** Realizamos xogos na auga como o do “tirburón” e “ a illa” coa colchoneta acuática.

**G3 e G4: Tiro con arco.** Creamos as nosas propias dianas e obxectivos así como o sistema de puntuación e posteriormente facemos unha competición entre equipos.

**G5 e G6: Rocódromo.**

**G7 e G8: Tenis.** Facemos un mundialiño de tenis.

- 11:30/ 12:00 - *Merenda*

- 12:00/ 13:00

**G1 e G2: Tiro con arco.** Realizamos unha historia guiada na que terán que utilizar o arco e as frechas para ir desbloqueando fases.

**G3 e G4: Piscina.** Facemos unha competición de estilos de nado e posteriormente bailamos na piscina.

**G5 e G6: Tenis.** Mundialiño de tenis.

**G7 e G8: Rocódromo.** Circuito contrareloxo de subida e baixada.

- 13:00/ 14:00 - *Asamblea*

- 14:00/ 14:15 - *Recollida*

## **Martes 13 de Xullo**

- 8:45/ 9:30 - *Recepción*

- 9:30/ 10:00 - *Xogos de activación*

- 10:00/ 11:30

**G1 e G2: Roteiro ecolóxico.** Os peques saen de roteiro para chegar ata a charca na que desexan ver as rás.

